

ciclo de literatura

# COMPAXINADAS

Universidad Internacional Menéndez Pelayo UIMP Galicia

Fundación Luis Seoane



Luns 15 de decembro, 19:30 horas

PRESENTACIÓN

Suso de Toro

conversará con Javier Pintor

ENTRADA LIBRE

Aforo limitado

A LITERATURA CONTEMPORÁNEA protagoniza este ciclo organizado pola UIMP Galicia e a Fundación Luis Seoane que durante os meses de outubro e novembro ofrecerá unha serie de encontros abertos ao público nos que destacados autores falarán dos seus últimos traballos acompañados por Javier Pintor.

## Suso de Toro

Como narrador, publicou as novelas *Land Rover* (1988), *Tic-Tac* (1993, 2003), Premio da Crítica Española; *A sombra cazadora* (1994/2024), *Calzados Lola* (1997), Premio Blanco Amor; *Non volvas* (2000), Premio da Crítica Española; *Trece badaladas* (2002), Premio Nacional de Narrativa; *Home sen nome* (2006), *Sete palabras* (2009), *Fóra de si* (2018), *Un señor elegante* (2020), *O segredo de Joseph Haydn* (2024); *Conta, Sherezade* (2025) e *Terra de sacrificio* (2025); e os libros de relatos *Caixón desastre* (1983, 1991), Premio Galicia da Universidade de Santiago e *Polaroid* (1986, 2021), Premio da Crítica Galicia. Ademais, publicou os ensaios *F.M.* (1991), *Camilo Nogueira e outras voces. Unha memoria da esquerda nacionalista* (1991); *O país da brétema* (2000, Xerais 2016), *Nunca máis Galiza á intemperie* (2002), *Outra idea de España* (2005), *Outra Galiza* (2008), *Dentro da literatura* (2019) e *Descubriendo Ana Pontón* (2023), e a obra de teatro *Unha rosa é unha rosa* (1997, 2023).

## Terra de sacrificio (Xerais, 2025)

O autor xunta nesta novela a Ramón Piñeiro e Castelao coa intención de que afronten a verdade do que ocorreu cando o primeiro non agardou por Castelao en París. O autor desta entrevista imaxinada pon o foco en aspectos culturais, políticos e persoais dos protagonistas, e evidénciase que, en moitos casos, a construción histórica dos personaxes difire da realidade dos feitos. As explicacións sobre contas pendentes de Ramón Piñeiro van deconstruíndo a súa propia figura. Cun ton ameno e accesible, sen renunciar ao tratamento en profundidade do tema, Suso de Toro constrúe un relato dun momento crucial da nosa historia. Unha reivindicación do que puido ser e do que aínda pode ser.